

## REUNIÓN CONXUNTA COS PAIS/NAIS DE 5º B CURSO 2020/2021

### 1. Agradecemento da asistencia.

### 2. Presentación profesorado

-Titora:MAR

-Inglés: LETICIA AGUADO -A L: MARGARITA

-Música: BEGOÑA -E.F.: Mº ISABEL

-Prof. de P.T. BEATRIZ

### 3. Motivo da reunión:

- Coñecernos e estar en contacto co equipo docente dos seus fillos.
- Os asuntos tratados van ser de carácter xeral e non particulares e versarán sobre cuestións de tipo pedagóxico e organizativo.

### 4. Situación especial do actual 5º de primaria.

- **Cambio de 4º a 5º** : máis traballo, materiais (*libros dixitais* e cadernos) diferentes, ...  
Traballaremos con diferentes metodoloxías e variedade de recursos co fin de favorecer na aprendizaxe a todos os alumnos. Non nos centraremos nun único método de aprendizaxe.
- Lograr unha maior autonomía persoal: control do material, realización de actividades, busca de información...
- Non é suficiente o traballo da clase.
- Hai que comezar a memorizar.

### 5. Importancia da figura do mestre:

- Valoración positiva do mestre ante os nenos, independentemente das diferenzas que poidan xurdir nun momento dado.
- Estas diferenzas ou problemas deben ser tratados directamente co mestre, sen implicar os rapaces.

### 6. A educación implica á familia e á escola. Necesidade da súa COLABORACIÓN:

- Motivando ó seu fillo/a na casa. Interesarse polo que fai. Loubar o traballo ben feito.
- Facilitándolles un lugar de traballo axeitado: con luz, sen ruídos, sen TV, irmáns que interrompen, et.
- Axudándolles a **crear uns hábitos de traballo e estudo.**
- Mesmo horario.
- Controlando o coidado do material e a presentación dos traballos.
- Comprobar diariamente que traen todo o material escolar, tendendo pouco a pouco a que sexan eles os que se vaian responsabilizándose .

- Controlar as horas de sono e o almuerzo.
- Vixiar as horas de TV e os contidos, consolas, ordenador.. et.
- Potenciar desde a casa o cumprimento das normas de comportamento e convivencia.
- Rexeitamento da agresividade.
- Comunicándonos calquera incidencia grave que pase na casa e que poida repercutir no seu fillo/a, así coma problemas de saúde.
- Traballo das competencias na vida familiar: Exemplos:
  - Supermercado: peixes, medidas
  - Ir mercar o xornal par que devolvan o cambio
  - Acompañar ao taller; ferramentas
  - Separar e sacar o lixo
  - Buscar en **internet** (as suxerencias do colexio neste tema sempre contarán coa tutela previa e consentimento dos pais)
  - Comprobar a data de caducidade dos alimentos.
  - Visitar unha exposición, et.

## 7. "Deberes"

- Non é suficiente o traballo da clase. Procuramos que o neno traballe pola semana e deixar libre a fin de semana.
- Hai que comezar a memorizar.
- Tempo ( sobre media hora, pero non lle leva a todos o mesmo tempo. Varía segundo as destrezas, a capacidade, a concentración...).
- Material necesario á man.
- Controlar diariamente a súa realización dos deberes. Non facerllos. Preguntar a teoría.
- Por motivos especiais: nota xustificativa dos pais para non agobiar aos nenos...
- Comezar a estudar - repasar a táboa de multiplicar.

## 8. Avaliación

- Teñen tres avaliacións. Cualificacións: Sb., N, B, S, e I, acompañadas de anotación numérica do 1 ao 10.
- A avaliación é continua. Contan non so os contidos conceptuais senón tamén os procedementos e as actitudes (ver táboa)
- Criterios de cualificación

	Ling. Mat. Nat. Soc.	Plástica	Inglés	E.F.
Comportamento e puntualidade	5 %			
Traballo individual e esforzó	10 %			
Traballo en equipo	5 %			
Ferramentas de av. dos contidos e comp.	70 %			
Revisión de cadernos	5 %			
Observación directa	5%			

- Xeralmente faise un exame por unidade en Matemáticas, Naturais, e Sociais e de cada dúas, nas Linguas.

## 9. Lectura.

- Importancia da lectura e de ler algo tódolos días. Temos que mellora-la velocidade.
- Lectura como:
  - Instrumento de aprendizaxe
  - Desenrolo da intelixencia
  - Perfeccionamento da linguaxe, aumento de vocabulario
  - Mellora da ortografía
  - Mellora da expresión oral e escrita
- Non se mandou comprar o libro de lectura, pero farase lectura colectiva de libros.
- **Proxecto lector:** Implicación das familia :
  - O neno imita: se ve ler...
  - Animar a ler
  - Diversidade: contos, cómics, revistas...
  - Interactuar con eles: facer conexións entre o que len e a vida diaria..
  - Preguntarlles, ler con eles
- Plan lector: 20 minutos diarios

## 10. Protocolo de absentismo:

- **Notificación previa** das ausencias mediante nota escrita, ou teléfono no caso de imprevistos.
- Xustificación das faltas de asistencia: Se foi ó medico pedir xustificante (cita). Outra causa, parte cuberto polos pais
- Puntualidade (Ás tres faltas... aviso)
- Faltas de asistencia: por sesións. Xustificación por parte dos pais.

## 11. Outras normas:

- Saídas do colexio en horas de clases: Cubrir impreso en dirección ou conserxería.
- Horario de titoría: -martes: 16.00 – 17.00 por teléfono.
- Respectalo e en situacións extraordinarias solicitar cita co titor noutro horario.
- Poden falar tamén cos especialistas.
- Non subir ás clases
- Non acompañar aos rapaces ás **filas do patio**
- Teléfonos e obxectos de valor non traerán.
- Celebración aniversarios (sinxeleza). Recomendamos detalles non comestibles (marcapáxinas, goma, ... ) por hábitos saudables e alerxia. Invitacións: fóra do colexio.

A TITORA:

MARIA DEL MAR NOVOA SOUTO